

Narrativa Achega Rivas unha panorámica realista sobre o narcotráfico, coas marcas do compromiso político e ton lírico

Facer falar o silencio

Tras as galardoadas *O lapis do carpinteiro* e *Os libros arden mal*, Manuel Rivas volve con *Todo é silencio* (Xerais) para agasallarnos unha historia de realismo intimista baixo o rotundo selo do compromiso político. É o relato do indíxido, a narración dos feitos que, se foron vistos, non foron vistos; se foron oídos, non foron oídos; se foron tocados, non foron tocados: *teñen boca e non falan*. Introducímonos no mundo paralelo, no noso mundo limítrofe e imos da man da Historia. Nunha sorte de panorámica sobre as entrañas da beira ilegal da sociedade galega, Rivas vai sinalando alí onde se foron enriquecendo os traficantes de onte e tamén os de hoxe. E o seu índice é certo.

Desde o comezo cheira a pólvora, podemos percibilo a través dos ollos duns nenos que deixarán de selo ben axiña. Entón xorde inevitable o interrogante sobre a ausencia de tecido literario galego arredor dun tema tan afincado, mesmo especializado, entre nós. Mentres que a guerra civil, desde diversas visións, é asunto ao que a prosa realista acode en abundantes ocasións, nalgunhas con brillantez absoluta, o contrabando non semella xermolar nin nas nosas novelas máis negras. Territorio usurpado polo cine, quizais. Así, ao xeito dun Coppola sempre bergantiñán, avanza *Todo é silencio*, mediante evidencias tácitas e un aire de lírica que impregna o conxunto, armas e chutas tamén. É o equilibrio constante entre a descrición de espazos realistas, non sempre claros pero si recoñecibles –o Ultramar convertido despois en Vaudevil, ou a Escola de Indianos, primeiro agocho de whisky, despois territorio para fabulosas viaxes de ionquis– e o paseo polo soño, un soño feito de néboas que deixa un relente no corpo moi semellante a aquel da Terra de Soneira. O mar é, no mesmo golpe de narración, espazo para a dinamita e espazo para a liberdade. Na ollada dos que son nenos cando comeza a novela, este encontro de historia e delicadeza atopa o seu lugar, tal vez, idóneo: a comprensión que eles acadan de Brétema, vila mariñeira e asento do relato, é perfectamente onírica e veraz a un tempo.

“Onde hai fronteira, hai contrabando”, esta é a rotundidade coa que fala a nai dunha das personaxes protagonistas. En Brétema ninguén ten dúbidas acerca de que é o que sucede e quen son os que o fan suceder, pero sempre queda espazo para as trampas, ou para as sorpresas. Fins e Brinco: dous nenos que medran arredor do paraíso inevitable da corrupción e da miseria cultural, pero tamén dous adultos que darán resposta, en aparencia contraria, ao contexto da súa vida. Porén, ningún dos dous consegue deixar atrás a estrutura xerárquica en que medraron. Foron uns amigos difíciles e, así, con prosa suxestiva e sutil-



Costa da Morte // Arquivo

za de artesán, Rivas permítenos intuír a posibilidade do enfrontamento no futuro dos mozos. No entanto, quizais caiba preguntarnos arredor da figura de Fins: o neno que apuntaba agudeza remata por converterse nun adulto resentido e cativo, escasamente experimentado e atrapado no seu amor de adolescencia. Cun alento de covardía ao seu redor, vese impedido ao eventual enfrontamento en igualdade de condicións con Brinco, quen, en realidade, nunca deixou de ser o eterno competidor que sempre vence. Con eles medra un mundo que, pola súa banda, tamén avanza co ritmo dos tempos e cambia tabaco por cabalo e acolle as novas xeracións co agarimo do egoísta. Contra a metade do relato, o autor desenvolve o trazo entre aquela época de traxes brancos de liño para os homes e a máis recente, a dos narcos que naceron sobre os anos 60, coa mesma elasticidade coa que consegue que un home pobre ensine, docemente, a un meniño o significado da pistola e que sexa na praia, a rentes do mar. Case sen nos decatarmos, imos situándonos noutro tempo e o tráfico é o mesmo, pero podemos ulir diferente. Así nolo explica *Todo é silencio* coas viaxes dos ionquis, atravesando países e continentes que van ocupando os seus corpos no territorio máxico da Escola de Indianos, de nome xa evoca-

dor. Os indianos, os que marcharon e miraron por fóra, deixaron para a fame de Brétema unha escola caída e os mapas; o mundo cara ao que ningún deles sairá. Cercada polos océanos ou pola néboa, en Brétema a saída semella estar prohibida ou algunha sorte de calamita atravesada os embigos dos seus habitantes.

Fala Mariscal: “E aí mesmo improvi-sei unha laudatio a Salazar e a Franco, os dous piares da civilización occidental. Mágoa os que viñeron despois.” Mariscal, cando fala, sentencia e as máis das veces faino en latín, non en van é o Mariscal da vila, o home que soubo prosperar e gozar os pequenos e os grandes praceres, o que soubo ensinar os novos e o que mantén a súa longa man sobre todas as cousas que se moven en Brétema. Ese é, ademais, loador de fascismos e maltratador de mulleres, de amigos e de todo aquilo do que non dependa estritamente o seu beneficio. Así describe Rivas a figura do usureiro. Nesa personaxe non existen fendas de solidariedade, nin sospeitas de boas intencións. Que o Mariscal, esencia e psique que trama a rede toda de Brétema, non estea enfiado con ambigüidade –feito que non entorpece o tratamento profundo do personaxe– outorga unha lectura política á novela. Os vencedores coma Mariscal son, nas palabras do personaxe, apolíticos. E de

aí as súas conquistas todas. O cinismo pode non implicar o éxito, pero a clase de vitorias que adoita conseguir Mariscal sempre van acompañadas de potencia individualista e cínica. Se a usura medra á marxe da política, a novela porta unha lectura comprometida. Pouco importa como remate o relato, quen semella gañar ou perder, pois esta literatura non pretende ser novela de tese ou didáctica. Con *Todo é silencio* embarcamos no universo de Rivas, nos topónimos e antropónimos que teñen referentes e son alegóricos –nun aceno á última novela de Rosa Aneiros, autora coa que, poderíamos dicir, comparte poética, en Brétema habita tamén un Inverno–, nas sombras e nas tenruras da lírica, no compromiso, nos lugares dunha Costa da Morte que podería ser calquera Costa galega... Quizais só reste un interrogante: cal chegaría a ser o resultado dunha aposta tan crúa de estar desprovista dos arranxos da beleza. // Oriana Méndez Fuentes

Todo é silencio
Manuel Rivas
Xerais, 2010
280 páx · 17,50 euros

